

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL PONTE CALDELAS

Ordenanzas e Regulamentos

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Ó non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ó público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional deste Concello, adoptado en data 29 de setembro de 2016, sobre aprobación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, cuxo texto íntegro se fai público, en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E RÉXIME

1.—No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, o artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e de acordo co previsto no artigo 59.2 e artigos 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora Das Facendas Locais, o Concello de Ponte Caldelas establece o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

2.—Este imposto rexerese polo disposto nos artigos 92 a 99 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polas disposición que a desenvolvan e polo que dispón esta Ordenanza.

ARTIGO 2º.—NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

1.—O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.



2.—Considérase vehículo apto para a circulación o que fose matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non cause baixa nestes. Ós efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3.—Non están suxeitos a este imposto:

a) Os vehículos que habendo sido dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desta natureza.

b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cuxa carga útil non sexa superior a 750 quilogramos.

ARTIGO 3º.—EXENCIONES

1.—Estarán exentos do imposto:

a) Os vehículos oficiais do Estado, das Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao. Así mesmo os vehículos dos Organismos Internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

c) Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.

d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ó traslado de feridos ou enfermos.

e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro.

Así mesmo, estarán exentos os vehículos matriculados a nome de discapacitados para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan as devanditas circunstancias, tanto ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade como ós destinados ó seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios delas por máis dun vehículo simultaneamente.



A efectos do disposto neste parágrafo, consideraranse persoas con discapacidade quen teña esta condición legal en grao igual ou superior ó 33%.

f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.

g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola.

2.—Para poder gozar das exencións a que se refiren as letras e) e g) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar a súa concesión, con anterioridade ó devengo do imposto, indicando as características do vehículo, a súa matrícula, a causa do beneficio e acreditar mediante a presentación da documentación na que consten a realidade do alegado. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia. Esta solicitude deberá de renovarse cada 2 anos presentando os documentos necesarios, naqueles casos en que o recoñecemento de discapacidade non sexa definitivo. Nos casos en que tal recoñecemento teña o carácter de definitivo non será preciso este trámite de renovación. En caso de presentar a solicitude con posterioridade ó devengo do imposto, a concesión da exención terá efectos dende o período impositivo seguinte ó da solicitude.

Xunto coa petición de exención regulada no parágrafo e) do apartado 1 deste artigo os interesados deberán achegar a seguinte documentación:

a) Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

1.—Fotocopia do certificado co grao de discapacidade expedido pola Consellería correspondente da Xunta de Galicia no que conste o grao e a clase de discapacidade padecida.

2.—Fotocopia do permiso de condución (anverso e reverso). Exhibición do orixinal no momento da presentación.

3.—Fotocopia do permiso de circulación a nome do discapacitado. Exhibición do orixinal no momento da súa presentación.

4.—Fotocopia da póliza de seguro do vehículo no que figure o condutor habitual do mesmo. Exhibición do orixinal no momento da presentación.

5.—Fotocopia do DNI.

6.—Fotocopia da ficha técnica do vehículo.

7.—Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.



8.—Volante de empadramento expedido polo Concello de Ponte Caldelas.

En caso de que o que se solicite sexa unha renovación da exención, tan só deberán aportarse os documentos indicados nos números 1 e 4.

b) Vehículos destinados ó transporte de discapacitados:

1.—Fotocopia do certificado do grao de discapacidade expedido pola Consellería correspondente da Xunta de Galicia no que conste ademais do grao de discapacidade, se o discapacitado ten necesidade de asistencia de terceiras persoas e se ten dificultades graves de mobilidade que se impidan a utilización do transporte colectivo.

2.—Fotocopia do permiso de circulación a nome do discapacitado. Exhibición do orixinal no momento da presentación.

3.—Fotocopia da póliza de seguro do vehículo. Exhibición do orixinal no momento da presentación.

4.—Fotocopia do DNI do discapacitado e do condutor habitual do vehículo.

5.—Fotocopia da ficha técnica do vehículo.

6.—Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

7.—Volante de empadramento expedido polo Concello de Ponte Caldelas.

No caso de que se solicite unha renovación da exención, tan só deberán aportarse os documentos indicados nos números 1 e 3.

As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos dous supostos anteriores, non serán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

Non se considerará que o vehículo é para uso exclusivo do discapacitado, e polo tanto non se entenderá xustificado o destino de dito vehículo, cando do certificado expedido pola Consellería correspondente da Xunta de Galicia non se deduza que o discapacitado ten dificultades graves de mobilidade que lle impidan a utilización do transporte colectivo.

ARTIGO 4º.—BONIFICACIÓNS

Os vehículos históricos, sempre e cando acrediten a súa catalogación como tales de acordo co Real Decreto 1247/1995, de 14 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos, e teñan unha antigüidade superior a 25 anos, nos termos previstos no artigo 95.6.c) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, disfrutarán dunha bonificación do 100% na cota do imposto.

Así mesmo gozarán dunha bonificación do 100 % os vehículos cunha antigüidade mínima de 25 anos.



Para poder gozar das bonificacións, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e antigüidade. Para estes efectos deberán de acompañar á solicitude de bonificación os documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos para gozar da mesma, ben por medio de copia da ficha técnica, o permiso de circulación do vehículo ou o certificado do fabricante ou de Industria respecto da data que deixou de fabricarse o modelo en cuestión. No caso de vehículos históricos acreditarase aportando a catalogación como tal polo órgano competente da Comunidade Autónoma.

O peticionario deberá de acreditar así mesmo estar ó corrente de pago do imposto.

Os interesados deberán de presentar a solicitude antes da data do devengo do imposto. En caso contrario a bonificación aplicarase desde o exercicio seguinte ó da solicitude.

ARTIGO 5.—SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria, a cuxo nome conste o vehículo no permiso de circulación.

ARTIGO 6.—COTA

1.—O imposto esixirase de acordo co cadro de tarifas establecido no artigo 95.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que se incrementará, dentro dos límites permitidos polo artigo 95.4 da referida Lei, pola aplicación sobre o mesmo dun coeficiente do 1,15 polo que as cotas a satisfacer serán as seguintes:

Concepto	Cota
<i>TURISMOS</i>	
De menos de 8 cabalos fiscais	14,51 €
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	39,19 €
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	82,73 €
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	103,05 €
De 20 cabalos fiscais en diante	128,80 €
<i>AUTOBUSES</i>	
De menos de 21 prazas	95,80 €
De 21 a 50 prazas	136,44 €
De máis de 50 prazas	170,56 €
<i>CAMIÓNS</i>	
De menos de 1.000 kg de carga útil	48,62 €
De 1.000 a 2.999 kg de carga útil	95,80 €
De máis de 2.999 kg a 9.999 kg de carga útil	136,44 €
De máis de 9.999 kg de carga útil	170,55 €
<i>TRACTORES</i>	
De menos de 16 cabalos fiscais	20,32 €



Concepto	Cota
De 16 a 25 cabalos fiscais	31,94 €
De máis de 25 cabalos fiscais	95,80 €
<i>REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES</i>	
De menos de 1.000 e máis de 750 kg de carga útil	20,32 €
De 1.000 a 2.999 kg de carga útil	31,94 €
De máis de 2.999 kg de carga útil	95,80 €
<i>OUTROS VEHÍCULOS</i>	
Ciclomotores	5,08 €
Motocicletas ata 125 c.c.	5,08 €
Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.	8,71 €
Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.	17,42 €
Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 c.c.	34,83 €
Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	69,67 €

2.—Para a aplicación da tarifa anterior terase en conta o Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos, que establece o concepto das diversas clases de vehículos e a determinación da potencia fiscal.

3.—No caso de que nas Leis de Presupostos do Estado se modificase o cadro de tarifas recollido no artigo 95.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o indicado coeficiente de 1,15 aplicarase ás novas tarifas fixadas nas referidas Leis de Presupostos estatais.

ARTIGO 7º.—PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1.—O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo comezará o día en que se produza a devandita adquisición.

2.—O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.

3.—O importe da cota do imposto prorratearase por trimestres naturais nos caso de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o prorrateo da cota nos mesmos termos nos supostos de baixa temporal por substracción ou roubo do vehículo, e iso dende que se produza dita baixa temporal no rexistro público correspondente.

ARTIGO 8º.—XESTIÓN TRIBUTARIA DO IMPOSTO

1.—Nos supostos de adquisición e primeira matriculación dos vehículos ou cando estes se reformen, de xeito que altere a súa clasificación ós efectos do presente Imposto, os suxeitos pasivos ou os seus representantes presentarán ante a Administración Municipal e con carácter previo á súa matriculación na Xefatura Provincial de Tráfico, no prazo de trinta días, que comezará a contar desde a data de adquisición ou reforma, autoliquidación do imposto.



Acompañarase:

- Documentación acreditativa da compra ou modificación do vehículo.
- Certificado das características técnicas.
- DNI ou CIF do suxeito pasivo.

Simultaneamente á presentación da autoliquidación, o suxeito pasivo ingresará o importe da cota do Imposto resultante da mesma.

Esta autoliquidación terá a consideración de liquidación provisional, en tanto que pola Administración Municipal non se comprobe que a mesma efectuouse mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do Imposto. A oficina xestora, tras verificar que o pago se fixo na contía correcta, deixará constancia da verificación no impreso de declaración.

2.—No suposto de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para circular, o Imposto xestionarase a partir do Padrón anual do mesmo.

As modificacións do Padrón fundamentaranse nos datos do Rexistro de Tráfico e nas Comunicacións da Xefatura de Tráfico relativas as altas, baixas, transferencias, reformas dos vehículos sempre que se altere a súa clasificación a efectos deste Imposto, e cambios de enderezo.

O Padrón do Imposto expoñerase ó público or un prazo dun mes para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ó público do Padrón anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

O prazo de ingreso das débedas de cobro por recibo notificadas colectivamente determinarase cada ano e anunciarase publicamente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Finalizado o prazo de pago voluntario sen que a débeda fora satisfeita, iniciárase o período executivo de recadación, o que comportará o devengo do recargo do 20% do importe da débeda non ingresada, así como o dos xuros de demora correspondentes.

O devandito recargo será do 5% cando a débeda se ingrese antes de que fora notificada a providencia de constrinximento e do 10% cando se ingrese a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e o propio recargo antes da finalización do prazo previsto no artigo 62.5 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3.—Sen embargo, unha vez abonada a cota do Imposto, se algún contribuínte estimase que ten dereito á devolución poderá solicitala dentro do prazo determinado ó efecto e por algunha das causas previstas na lexislación vixente.



ARTIGO 9º.—XUSTIFICACIÓN DO IMPOSTO

1.—O pago imposto acreditarase mediante o impreso de autoliquidación ou o recibo, debidamente validado pola Entidade recadadora.

2.—Quen solicite ante a Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación ou certificación de aptitude para circular nun vehículo, deberá acreditar previamente o pago do imposto.

3.—Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de enderezo que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa de ditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pago do último recibo presentado ó cobro do imposto, sen prexuízo de que sexa esixible, por vía de xestión e inspección, o pago de todas as débedas por dito concepto, devengadas, liquidadas, presentadas ó cobro e non prescritas. Exceptúase da referida obrigación de acreditación o suposto das baixas definitivas de vehículos con quince ou máis anos de antigüidade.

4.—As Xefaturas Provinciais de Tráfico non tramitarán os expedientes se non se acredita previamente o pago do imposto, nos termos establecidos nos apartados anteriores.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza consta de 9 artigos, e unha vez aprobada polo Pleno do Concello, e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2017, mantendo a súa vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesado recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

O Alcalde, Andrés Díaz Sobral

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

